

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

BASES REGULADORAS DO PLAN TERMAL "DEPOTERMAL 2016"

ANUNCIO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA RELATIVO Á APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN TERMAL "DEPOTERMAL 2016"

A Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria do 26 de febreiro de 2016, adoptou, entre outros, o acordo de aprobar as seguintes bases reguladoras do Plan Termal "Depotermal 2016"

BASES REGULADORAS DO PLAN TERMAL "DEPOTERMAL 2016"

1. Obxecto

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación, do plan de termalismo social "DEPOTERMAL", que ten por finalidade fomentar o envellecemento activo e mellorar a calidade de vida das persoas, establecendo novas relacións sociais e favorecendo a participación en actividades que melloran o seu estado anímico potenciando movementos de participación e cooperación social, promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias, evitando o illamento e as situacións de soidade que poidan levar á vulnerabilidade.

Así mesmo pretende ser un plan dinamizador da economía da provincia, impulsando a creación e o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade, desestacionalizando a demanda.

Trátase, por tanto, dun plan cun claro obxectivo social, xa que facilita o acceso ó turismo de saúde a persoas que doutro modo non poderían beneficiarse da súa dobre función, como período de vacacións e tamén como tratamento sanitario, pero que ofrece tamén bos resultados en termos de sustentabilidade económica para a provincia.

Poderán adherirse a este plan termal "DEPOTERMAL 2016" os concellos da provincia de Pontevedra.

O plan termal da Deputación de Pontevedra "Depotermal 2016" pon en marcha dous programas termais:



- a) Programa de asistencia diaria a balnearios durante cinco días consecutivos
- b) Programa termal de pernoctación

2. Beneficiarios do plan termal “DEPOTERMAL 2016”

Poderán beneficiarse do plan termal as persoas empadroadas na provincia de Pontevedra que non padezan ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do plan e que cumpran algún dos seguintes requisitos:

- a) Ser nados antes de 1966, feito que deberá acreditar cunha fotocopia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou Número de Identidade de Estranxeiro (NIE) segundo o caso.
- b) Ser pensionista, para o que deberán achegar unha fotocopia do certificado correspondente.
- c) Precisar dun respiro familiar, o que se acreditará mediante un informe do traballador/a social dos servizos sociais comunitarios básicos.

No caso de parellas que desexen participar no plan xuntos, é preciso que as dúas persoas cumpran os requisitos esixidos nestas bases.

3. Adhesión dos concellos

Todos os concellos da provincia de Pontevedra poderán sumarse ó plan mediante un acordo de adhesión adoptado polo órgano competente, remitindo unha certificación expedida polo secretario do concello dentro dos 20 días naturais seguintes á publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

Se o último día do prazo coincidise en festivo este prorrogarase ata o seguinte día hábil. Unha vez transcorrido este prazo de 20 días sen enviar a adhesión entenderase que o concello non desexa participar no plan, sen que o teña que facer constar por escrito.

Os concellos que se adhiran ó plan actuarán como entidades colaboradoras na xestión do plan e deberán cumprir coas obrigas que se establezan nas bases reguladoras segundo o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Dita adhesión supón a obriga por parte do concello da recepción das solicitudes do plan termal das persoas empadroadas no seu concello, así como o envorcado de datos na folla Excel, segundo o establecido na base 7ª desta convocatoria, facilitada pola Deputación de Pontevedra. Así mesmo deberán determinar que usuarios/as se beneficiarán daquelas das prazas reservadas para persoas en situación ou risco de exclusión social, acreditado mediante Informe Social do/a traballador/a social dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais.



As persoas interesadas en participar no plan de concellos non adheridos deberán entregar a solicitude no Rexistro xeral da Deputación ou en calquera das oficinas de rexistro da institución provincial que se detallan na cláusula oitava e participarán tan só coa subvención da Deputación.

4. Descrición do plan

O plan termal da Deputación de Pontevedra “Depotermal 2016” pon en marcha dous programas termais, cun total de 4.434 prazas, as que se poderá acceder solicitándoo nun mesmo formulario. Os programas son:

1. Programa termal de asistencia diaria a balnearios durante cinco mañás ou tardes consecutivos que contará con 1.248 prazas
2. Programa termal de pernoctación en réxime de pensión completa de domingo a venres, que contará con 3.186 prazas

a) Programa de asistencia diaria consiste en pasar cinco días consecutivos (de luns a venres), en quenda de mañá ou tarde, utilizando durante un mínimo de dúas horas as instalacións dun balneario, talaso, spa ou outras instalacións de características similares, da provincia de Pontevedra, incluíndo os traslados en autocar, con guía acompañante dende os concellos de orixe ata ó establecemento escollido e viceversa.

Os beneficiarios do programa poderán elixir indistintamente, no momento da solicitude, o establecemento que máis lles satisfaga entre os ofertados pola empresa adjudicataria, entendendo que a asignación de prazas neste establecemento estará suxeita a dispoñibilidade.

b) Programa termal de pernoctación en réxime de pensión completa : Este programa caracterízase por ofrecer unha estancia de seis días e cinco noites nun hotel con balneario, talaso, spa ou outras instalacións de características similares da provincia de Pontevedra, en réxime de pensión completa e con actividades de animación sociocultural.

O paquete inclúe, ademais da estadia e a pensión completa (coas bebidas incluídas), a utilización do spa, balneario ou outras instalacións de características similares un mínimo de dúas horas ó día e os traslados en autobús desde os concellos de orixe ata o establecemento escollido e viceversa.

A entrada no hotel será os domingos pola tarde e a saída será os venres despois do xantar.

Os beneficiarios do programa poderán elixir indistintamente, no momento da solicitude, o establecemento que máis lles satisfaga entre os ofertados pola empresa adjudicataria, entendendo que a asignación de prazas neste establecemento estará suxeita a dispoñibilidade.



5. Orzamento e financiamento

A contía consignada para este plan ascende, no ano 2016, a cento dous mil euros (102.000€), con cargo á aplicación 16/231.2311.227.07 do Orzamento ordinario da Deputación, sen prexuízo de que o mencionado crédito sexa ampliado, deberá terse en conta o disposto no artigo 58 do RLXS.

Para que neste plan poidan participar todas as persoas que cumpran os requisitos, independentemente da súa situación económica, a Deputación de Pontevedra destinará subvencións para os dous programas nos seguintes termos:

- a) No caso do programa de asistencia diaria, que dispón de 1.248 prazas, subvencionarase 40 euros/praza para un total de 1.000 persoas, o que resultará un total de ata 40.000 € de subvención para este colectivo dentro deste programa. Ademais reservaranse 4 prazas por concello adherido constituíndo un total de 248 “prazas de reserva”, das que a Deputación de Pontevedra subvencionará 100 € praza.

No caso do programa de pernoctación, ofertáranse 3.186 prazas das que a Deputación de Pontevedra reservará 3 prazas por concello, un total de 186 beneficiarios, dos que esta institución se fará cargo de 200€ do custo total do programa.

Así mesmo as persoas que desexen participar no mesmo poderán facelo nas 3.000 prazas restantes, aboando a cantidade total resultante do prezo da adxudicación

Poderán ser beneficiarios das prazas de reserva subvencionadas, as persoas dos concellos adheridos que cumprindo os requisitos establecidos na base 2ª carezan de recursos económicos suficientes para facer fronte o custo do programa e o xustifiquen mediante Informe Social do/a traballador/a social dos Servicios Sociais Comunitarios Municipais, que reflecta dita situación: risco de exclusión social, escasos recursos económicos e idoneidade do programa para o/a usuario/a solicitante. Este informe será remitido directamente dende os servizos sociais comunitarios municipais a este organismo provincial segundo se establece na base 7ª desta convocatoria.

Os prezos dos dous programas expóranse ó público na páxina web www.depo.es e daranse a coñecer a través dos medios de comunicación unha vez rematado o proceso de contratación.

6. Documentación dos participantes

As solicitudes deberán formularse seguindo o modelo que se facilitará no Rexistro xeral da Deputación, no da súa sede de Vigo ou na súa páxina web (www.depo.es).

Deberanse cubrir todos os apartados da solicitude, sinalando só un establecemento termal.



Así mesmo, deberase achegar unha copia do DNI ou NIE e, segundo o caso, o certificado da pensión ou o informe do traballador social dos servizos sociais comunitarios básicos para xustificar a condición de beneficiario do plan para respiro familiar, tanto no caso do solicitante como do acompañante. No caso das prazas reservadas subvencionadas deberá remitirse o Informe Social referido na base 5ª, nos termos establecidos nesta convocatoria.

De consideralo necesario, este Servizo de Cohesión Social e Xuventude reservarase o dereito a requirir a documentación que sexa necesaria para completar o expediente.

Haberá un modelo único para solicitar a participación en un ou nos dous programas . No caso de presentarse máis dunha solicitude, terase en conta só a data da primeira presentada no Rexistro xeral.

7. Documentación dos concellos adheridos

Os concellos participantes, logo de finalizado o prazo de recepción de solicitudes, deberán remitir ó Servizo de Cohesión

Social e Xuventude da Deputación de Pontevedra:

- a) Unha relación nominal, en formato de Excel, dos solicitantes, con todos os campos cubertos, segundo o modelo remitido ós concellos polo persoal técnico responsable da institución provincial. Este documento remitirase ó Servizo de Cohesión Social e Xuventude da Deputación de Pontevedra por correo electrónico (cohesionsocialexuventude@depo.es).
- b) Os orixinais das solicitudes presentadas no concello coa documentación requirida. Esta documentación remitirase ó Servizo de Servizo de Cohesión Social e Xuventude, a través do Rexistro xeral da Deputación ou das oficinas de rexistro da institución provincial sinaladas na cláusula cuarta destas bases.
- c) No caso das prazas reservadas subvencionadas deberán enviar o Informe Social referido na base 5ª. Este informe debe xustificar a escaseza de recursos económicos e/ou situación ou risco de exclusión social, que faga adecuada a participación do usuario/a como beneficiario/a das prazas de reserva subvencionadas, así como a idoneidade do programa para o/a usuario/a solicitante.

No caso de existir máis solicitudes que prazas de reserva subvencionadas por concello adherido, deberá achegarse relación nominal priorizando os usuarios/as que poden beneficiarse destas prazas, tendo en conta o seguinte baremo e reflectindo a puntuación obtida:



1. Usuarios cuxa unidade de convivencia participe nalgún dos programa e servizos comunitarios básicos reflectidos no artigo 9 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento: 4 puntos
2. Por cada un dos membros da unidade de convivencia en situación laboral de desemprego: 2 puntos.
3. Usuarios perceptores de pensións non contributivas ou RISGA: 3 puntos
4. Por vivir soa e carecer de familiares e/ou redes de apoio: 2 puntos
5. Pertencer a unha unidade de convivencia na que un dos seus membros teña a condición de muller vítima de violencia de xénero: 3 puntos.
6. Por cada membro da unidade de familiar afectado por discapacidade, dependencia recoñecida ou enfermidade que requira internamento periódico: 2 puntos
7. Por Renda per cápita (R.P.C.) mensual da unidade de convivencia, referida ó indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente:

Inferior ó 30% do IPREM	4 puntos
Entre o 30% e inferior ó 50% do IPREM	3 puntos
Entre o 50% e inferior ó 75% do IPREM	2 puntos
Entre o 75% e inferior ó 100% do IPREM	1 punto

En caso de obter igual puntuación, terán preferencia aquela solicitude coa renda per cápita máis baixa.

8. Prazo e lugar de presentación de solicitudes

O prazo de inscrición será de 30 días naturais a partir do día seguinte ó da finalización do prazo de adhesión dos concellos. A publicación das datas de inscrición publicarase na web da Deputación de Pontevedra www.depo.es. e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Para os participantes de concellos adheridos ao plan termal “DEPOTERMAL 2016” o lugar de presentación de solicitudes será o departamento de Servizos Sociais do propio concello.

Poderase consultar o listado de concellos adheridos na páxina web da Deputación a partir da finalización do prazo de adhesións dos concellos definido nestas bases.

Para os participantes dos concellos non adheridos ó plan o lugar de presentación de solicitudes será o Rexistro xeral da Deputación ou calquera das oficinas de rexistro da institución provincial que se detallan na seguinte táboa:



Denominación	Enderezo	Horario
Rexistro xeral da Deputación en Pontevedra	Avda. de Montero Ríos, s/n Pazo provincial	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h e de 17:00 a 19 h Sábados, de 9 a 13 h
Rexistro da sede de Vigo	Rúa Oporto, núm. 3	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
Rexistro do ORAL en Pontevedra	Avda. de Marín, núm. 9, baixo	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Arbo	Rúa Luís Cubelas, núm. 2	Mércores, de 9:00 a 13:30 h
Rexistro do ORAL en Bueu	Rúa Eduardo Vicenti, núm. 8	Luns e xoves, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Caldas de Reis	Rúa José Salgado, núm. 19	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Cambados	Rúa Ourense, núm. 8	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
Rexistro do ORAL en Cangas	Praza das Pontes, s/n	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL na Cañiza	Rúa Progreso, edificio dos xulgados	Martes e xoves, de 9:00 a 13:30 h
Rexistro do ORAL en Covelo	Praza do Mestre Cerviño, núm. 2	Luns, de 9:00 a 13:30 h
Rexistro do ORAL en Crecente	Rúa Solís Ruíz, núm. 5	Venres, de 9:00 a 13:30 h
Rexistro do ORAL na Estrada	Avda. Benito Vigo, núm. 47, baixo	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Lalín	Praza de Galicia, núm. 1, edificio Castro Tecnolóxico	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Moaña	Rúa Almansa, núm. 5	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL nas Neves	Praza da Cristiandade, núm. 1	Venres, de 9:00 a 13:30 h
Rexistro do ORAL en Nigrán	Rúa Damas Apostólicas, núm. 15	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Pontearreas	Rúa Concha Brey, núm. 4, baixo	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Ponte Caldelas	Avda. Galicia, núm. 17, edificio do concello	Venres, de 9:00 a 13:30 h
Rexistro do ORAL no Porriño	Rúa O Pinar, núm. 5	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h Xoves, de 16:00 a 18:00 h
Rexistro do ORAL no Rosal	Praza do Calvario, núm. 1, edificio do concello	Martes e xoves, de 9:00 a 13:30 h
Rexistro do ORAL en Sanxenxo	Rúa Carlos Casas, núm. 8	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Tomiño	Praza do Seixo, s/n	Todos os mércores, de 9:00 a 13:30 h
Rexistro do ORAL en Tui	Rúa Coruña, núm. 26	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Vilanova de Arousa	Rúa Cruceiro, núm. 1 (esquina rúa Aromas de Leyenda, núm. 11)	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h

Tamén se poderán presentar a través dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de que se envíe por correo postal (ó Rexistro da Deputación) este deberá ser certificado, co selo de Correos no formulario da solicitude para garantir que a data de remisión está dentro do prazo de presentación de solicitudes da orde de convocatoria, de non ser así, non serían admitidos entendéndose que están fóra de prazo.

No suposto de que as prazas ofertadas non queden cubertas esta institución reservarase o dereito a abrir un novo prazo de inscrición.



9. Procedemento de concesión das prazas

A concesión destas prazas realizarase polo réxime de concorrencia competitiva. A instrución correspóndelle ó Servizo de Cohesión Social e Xuventude e a adxudicación á Xunta de Goberno.

A Deputación establece a convocatoria de prazas do programa “Termal con pernoctación en réxime de pensión completa” ofertando inicialmente un máximo de 3.186 prazas e o programa “Programa de asistencia diaria”, con 1.248 prazas ofertadas inicialmente, respectivamente.

O procedemento de concesión levarase a cabo na seguinte orde:

1. Solicitantes das 434 prazas reservadas de concellos adheridos e, para os beneficiarios que reúnan os requisitos sinalados na base 2ª, e que carezan de recursos económicos, estean en situación ou risco de exclusión social, e que a traballadora social emita informe social favorable. (Para este colectivo hai unha reserva de 186 prazas no programa de pernoctación e 248 prazas no programa de asistencia diaria)
2. Solicitantes pensionistas, con prioridade para os de pensións con menor importe e maior idade
3. Solicitantes por respiro familiar, acreditada polos profesionais dos servizos sociais municipais, con prioridade para os de maior idade
4. No caso de que fose preciso, terán preferencia os/as usuarios/as dos concellos adheridos
5. Solicitantes non encadrados nos apartados anteriores, con prioridade para os de maior idade
6. Se fose oportuno, terase en conta a orde de presentación das solicitudes.

Para poder establecerse a prioridade como pensionista, nos casos de dúas persoas nunha mesma solicitude, ambas as dúas deberán presentar a xustificación de ingresos económicos e farase a media aritmética de ambas as dúas contías. No caso de que un dos solicitantes non perciba ingresos deberá xustificalo documentalmente.

Así mesmo, farase a media aritmética das idades do solicitante e do acompañante.

10. Obrigas dos participantes

Os participantes aboarán, unha vez confirmada a súa admisión no plan, a cantidade resultante do proceso de adxudicación para o balneario, spa ou instalación escollida ou similar, xa descontada a subvención da Deputación se fose o caso, e do seu concello (se é o caso de terse adherido ao plan termal).



Unha vez asignada a praza, deberán acordar coa empresa adxudicataria unha data de saída. No caso de que se non se acade un acordo de data, tras dúas chamadas telefónicas en dous meses distintos, anularase a concesión da praza.

Unha vez acordada a data de saída, poderase por parte da empresa adxudicataria solicitar o abono dunha parte do custo da praza, debendo aboar a contía restante no día e forma que sinala á empresa, segundo as indicacións do Servizo de Cohesión Social e Xuventude.

As baixas de usuarios no plan deberán estar debidamente xustificadas. Só nese caso a empresa adxudicataria da asistencia técnica xestionará a devolución que corresponda.

11. Condicións do programa

A Deputación de Pontevedra ofertará o programa a través dunha empresa especializada na materia, responsable da súa execución, coordinación e avaliación e con persoal especializado.

Nos autocares irá un guía oficial responsable de lle entregar a cada persoa o bono de viaxe, coa datas e a horas de recollida para toda a semana. Esta persoa informará tamén das coberturas do seguro para o programa e resolverá todas as dúbidas ó respecto.

Tamén disporá dun servizo de atención ó público por vía telefónica para calquera dúbida que puidese xurdir.

Calquera anomalía que se advirta sobre o bo desenvolvemento do programa deberá comunicárselle ó Servizo de Servizos Sociais da institución provincial.

12. Publicidade

En toda a publicidade que se elabore deberanse facer constar a organización e a colaboración da Deputación de Pontevedra mediante a inclusión da súa imaxe institucional, de conformidade co artigo 31 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Para todo o relacionado coa publicidade a empresa adxudicataria dirixirase ó correo electrónico comunicacion@depo.es.

13. Prazo de vixencia

As bases que regulan este plan terán vixencia ata o 31 de decembro de 2016.



14. Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común
- Bases de execución do Orzamento provincial vixente

Pontevedra, a 19 de maio de 2016.— A presidenta, M^a Carmen Silva Prego.— A secretaria accidental, Sonia Mateos Escudero.

